



Adaptación do sistema de cobro nos aparcadoiros de titularidade municipal á Lei 44/2006 de protección dos consumidores e usuarios

Unha das principais demandas que os consumidores veñen realizando dende fai anos é a referida á facturación por tempo real de estancia dos vehículos nos aparcadoiros de pagamento. A práctica habitual que se está levando a cabo por parte das empresas encargadas da explotación dos aparcadoiros é o cobro por máis tempo real do que permanecen os vehículos nas súas instalacións, incrementando o prezo dos seus servizos aplicando redondeo, en fraccións de media hora ou de unha hora completa na meirande parte dos casos.

Esta práctica ven vulnerando a Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios o que levou a que o Instituto Nacional de Consumo interpuxera unha demanda pola utilización deste tipo de cláusulas abusivas por parte das empresas de aparcadoiros, sendo dictada Sentencia pola Audiencia Provincial de Madrid con data 8 de setembro do 2005 considerando en relación á fixación do prezo da estancia en aparcadoiros públicos por hora ou fracción de xeito que se cobra por unha hora (ou media hora) completa aínda que o vehículo non permaneza estacionado ese período de tempo completo, como unha cláusula abusiva e que debe ser eliminada das condicións xerais que regulan o réxime de explotación deste tipo de instalacións.

A vista dos citados pronunciamentos xudiciais, o Instituto Galego de Consumo sen máis demora enviou ás Administracións Locais unha circular facéndolle a recomendación de ter en conta o contido dos mesmos á hora de redactar as condicións de explotación dos aparcadoiros públicos, ademais de levar a cabo unha campaña de inspección co obxecto de comprobar a adecuación dos sistemas de tarificación.

No mes de decembro do pasado ano, publícase a Lei 44/2006, de 29 de decembro de mellora da protección dos consumidores e usuarios, o que supón un paso máis adiante na erradicación deste tipo cláusulas, introducindo modificacións importantes como a recollida no novo apartado que se lle engade ao artigo núm. 1 da

Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do Contrato de Aparcamento de Vehículos que establece que ***“na modalidade de estacionamento rotatorio o prezo se pactará por minuto de estacionamento, sen posibilidade de redondeo a unidades de tempo non efectivamente consumidas ou utilizadas”***.

Esta mesma lei fixa un réxime transitorio en materia de aparcadoiros establecendo que esta nova disposición non será esixible ata transcorridos cinco meses dende a súa entrada en vigor e no caso de aparcadoiros que operen en réxime de concesión administrativa o prazo é de oito meses.

Outra das demandas que se producen nesta materia é a referida á necesidade de eliminar a aplicación dunha especie de sanción equivalente á imposición dunha elevada tarifa normalmente a equivalente a un día completo a aqueles usuarios que extravíen o seu xustificante. Trátase doutra práctica abusiva que a todas luces incumpre a Lei reguladora do contrato de aparcamento de vehículos en tanto en canto o Texto Legal establece a obriga de expedir un xustificante que identifique o vehículo e indique o día e a hora de entrada, de maneira que tendo debidamente identificado cada coche, os responsables dos aparcadoiros poden saber con exactitude a hora de entrada do mesmo e aplicarlle a tarifa correspondente.

Por todo isto, o Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** propón, que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

Elaboración dun estudio da normativa pola que actualmente se rexen os aparcadoiros de titularidade municipal en relación cos extremos aquí expostos e a adopción das medidas necesarias para que estas instalacións se adapten ao establecido na Lei 44/2006, de 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, **asegurando que o novo sistema de pagamento non represente incremento algún a respecto do vixente acordo municipal sobre as tarifas dos aparcadoiros .**

Vilagarcía, 14 de febreiro de 2007

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA